


O + ENTRE AS NOVIDADES


SETEMBRO - OUTUBRO 2008




Os autores reflexionan sobre a necesidade de escoitar as mensaxes que nos mandan o noso corpo e a nosa mente se queremos conservar a saúde e mellorar a nosa calidade de vida. A través de vinte casos reais que se presentan ao cardiólogo, os doctores comparten co lector as súas experiencias con pacientes que sofren problemas físicos e mentais.




Recole os avances das investigacións da neurociencia que confirman que o cerebro e o rostro son as dúas caras dunha mesma realidade. É un verdadeiro manual para os que queiran iniciarse, pero tamén para os que queiran profundizar. Está pensado para o público en xeral, pero tamén para os profesionais da saúde física e psíquica, para os profesionais da educación e ensinanza...




“Estoy solo en la oscuridad, dándole vueltas al mundo en la cabeza mientras paso otra noche de insomnio, otra noche en blanco en la gran desolación americana”. Así comenza a última novela de Paul Auster, unha historia na que se abren as portas a unha realidade alternativa.



Añunción Moreno non foi nunca unha muller sinxela de entender. E menos aínda cando se converteu en Deyanira Alarcón, unha escritora que triunfou coas súas novelas. Ata que unha delas non lle gustou, e Deyanira decidiu irse a Venecia a poñer un punto e aparte na súa vida. Estes son os seus cadernos, os papeis que escribiu ali para entenderse a medida que pasaban os días e con eles a desidia.



Unha novela sorprendente, dura, de suspense, que amosa a fragmentación do universo familiar actual. Helen acaba de asasinar á súa nai, unha muller que padecía demencia senil. Pero detrás do seu espantoso crime hai un pasado familiar doloroso que todos, incluída Helen, pasaron por alto. Agora Helen debe falar co seu ex marido para que a axude, pois rexeita ser condenada como unha vulgar criminal.



Primeiro foi a perda dun gran amor. Despois o bloqueo das emocións e, máis tarde, o descubrimiento de que xa non había volta atrás. Así comenza este libro intimista e descarnado no que un home de identidade cambiante descubre que a única maneira de recuperar o pracer é con experiencias radicalmente novas. O primeiro umbral será a música de Radiohead. O segundo, o asasinato. Mata por encargo, ao principio, e despois as vítimas son elexidas ao azar. Ata que un día se



En pleno caos previo á inminente entrada dos nacionais en Barcelona, o inspector Mascarell afrontará o caso da misteriosa desaparición dunha moza. Aínda que todo está perdido, o inspector pretende chegar ata o fondo do asunto, pero atoparase coas altas esferas da cidade, que están preparando a chegada dos vencedores...



A pantasma dunha monxa do século XVIII que degolaba ás súas vítimas, cadáveres de virxes profanados, pocións máxicas que aseguran a vida eterna, un rival do pasado máis lonxano que fala en verso... Con todo isto atoparase o comisario Adamsberg nesta inquietante e negra novela de Fred Vargas. A resolución deste complicado puzzle podería volver tolo a calqueira, pero non a Adamsberg.



Concello de
Ortigueira



biblioteca pública
"Juan Fernández Latorre"
Concello de Ortigueira